



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 290G 0X3I 5U3L 4642 146F	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE171ENJ		
Número/Año	65647/2023		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	EVC		
Interesado Principal	GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DA CORUÑA		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	1 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	25/09/2023 11:05:30		
Fecha Captura	25/09/2023 11:07		
Valor CSV	290G 0X3I 5U3L 4642 146F		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsión electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, por iniciativa da súa concelleira Avia Veira González, presenta o seguinte **rogo oral** para o vindeiro Pleno do Concello da Coruña **sobre as cocheiras do Tranvía,**

Exposición de motivos

Na Xunta de Goberno Local do 14 de decembro de 2020 aprobouse suspender e liquidar o servizo de transporte por rodadura fixa mediante tranvías.

O expediente do acordo recollía que, segundo o contrato suscrito, a nave na que se gardaban os coches-tranvías e estes son de titularidade municipal.

Así pois, a empresa concesionaria debería entregarlle ao Concello da Coruña as instalacións e os coches-tranvía.

O Grupo Municipal do BNG registrou unha pregunta escrita en marzo de 2022 na que o Goberno Local afirmaba que a empresa xa entregara as instalacións e os coches tranvía mais que non tiñan ningún proxecto para empregalas.

Tendo en conta que estas instalacións xa son municipais e que no barrio de Monte Alto cadran dúas actuacións importantes cun impacto importante no espazo para aparcar, as cocheiras serían un bo lugar para articular, cun custo moi baixo, un aparcadoiro que dea resposta a esta necesidade cando menos até que rematen as obras do Mercado de Monte Alto e as do Paseo Marítimo.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG realiza o seguinte

Rogo

Que o Goberno Local poña as antigas cocheiras do Tranvía, xa devoltas ao Concello da Coruña, a disposición das necesidades do barrio de Monte Alto neste momento, xa que se están a executar nun tempo dúas actuacións que provocan a eliminación temporal de moitas prazas de aparcamento: a obra de naturalización e humanización do Paseo Marítimo e a do Mercado Municipal, e que, polo tanto, articule nese espazo municipal un aparcadoiro temporal.

A Coruña, 25 de setembro de 2023



Avia Veira González
Concelleira/o do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA